

Serie A N.º 1175873

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA
25 / MAIO / 2000

SUMARIO

- 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA SESIÓN ANTERIOR
- 2.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO
- 3.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
- 4.- EXPEDIENTE COMISIÓN DE SERVICIOS A FUNCIONARIO DO CONCELLO
- 5.- MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENSINANZAS ESPECIAIS NOS ESTABLECEMENTOS DOCENTES DO CONCELLO.
- 6.- CREACIÓN DE COMISIÓN ESPECIAL PARA ESTUDIO E REDACCIÓN DE P.X.O.U.
- Economía e Facenda**
- 7.- DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM 7/2000 e 8/2000
- Deportes**
- 8.- PROPOSTA DO PRESIDENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES SOBRE APROBACIÓN MODIFICACIÓN PROXECTO CAMPO DE FUTBOL DE SANTA MARÍA.
- 9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte horas do **vintecinco maio do ano dous mil**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. D. XAIME REI BARREIRO, e a asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as: D. MANUEL JAVIER NÚÑEZ SALGADO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, DONA. M^a DEL PILAR MARTÍNEZ GONZÁLEZ, DONA. M^a DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D^a. M^a. DEL CARMEN RODRÍGUEZ RIVAS, D. MANUEL RAMÓN CONDE ROMERO, D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO, D. FRANCIS ANTONIO LAGO MELÓN, D^a. AURORA ALONSO MONTEAGUDO, D. JOSE LUIS ALONSO BASTOS, D. MANUEL PUENTES SAAVEDRA, D. LUIS MÍGUEZ BOULLOSA, D. PABLO REBANAL FERNANDEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, DONA. CECILIA PÉREZ ORGE, D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE e DONA. ÁNXELES GONZÁLEZ GÓMEZ, asistindo o Sr. Interventor, D. MODESTO SOLLA SANZ, actuando como Secretario o titular da Corporación D. LUÍS TORRADO VÁZQUEZ, constitúese o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de



acordo coa Orde do Día remitida a tódolos Sres/as Concelleiros/as, coa antelación legalmente requirida.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA SESIÓN ANTERIOR

Pola Presidencia indícase os/as Sres/as Concelleiros/as se ten algo que alegar na aprobación da acta correspondente.

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Conde Romero, maniféstase que non se lle entregou a referida acta que se trae a este Pleno para a súa aprobación.

Polo Sr. Presidente sinálase que tendo en conta o exposto anteriormente polo Concelleiro Sr. Conde Romero queda SOBRE A MESA pendente de aprobación para a próxima sesión plenaria.

2.-ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO

Non houbo actividade de control por parte de nengún dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes.

3.-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Pola Presidencia dase conta a este Concello Pleno das Resolucións dictadas polo Sr. Alcalde dende o 2 ó 22 de maio do 2000.

O Concello Pleno, quedou enterado do contido das Resolucións dictadas.-

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Conde Romero, maniféstase ó Sr. Presidente que nas Resolucións da Alcaldía se diga a quen se fan os pagos.

4.-EXPEDIENTE COMISIÓN DE SERVICIOS A FUNCIONARIO DO CONCELLO.-

Pola Presidencia dase conta da proposta formulada polo Concelleiro Delegado de Persoal, de data 4 de maio de 2000, que dí:

"Resultando que con data 28-IV-2000 se presentaron neste Concello escritos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, solicitando autorización ó Concello de Redondela relativa a expediente de Comisión de Servicios do funcionario don Xosé González Martínez, para constitución dun Servicio de Normalización Lingüística na citada Mancomunidade

Serie A N.º 1175874

PROPONSE

Prestar aprobación á Comisión de Servicios o funcionario don Xosé González Martínez solicitada pola Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo".

Asimesmo pola Presidencia sinálase que consta no expediente Decreto do Presidente da Mancomunidade citada, de data 26 de abril de 2000, que dí:

1.- Formular solicitude ó Concello de Redondela para que autoricen o traballador D. XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ (D.N.I. 35.981.473-C) pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar Admtvo. Daquel Concello, o desempeño na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo do posto de Director do Servicio de Normalización Lingüística no marco do Convenio de Colaboración suscrito entre a Mancomunidade e a Subdirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, coas características retributivas e de duración seguintes:

- Duración: dende a sinatura do convenio ata o remate da súa vixencia o 31-10-2000.
- Remuneración total a cargo da M.A.I.V. : 4.200.000 ptas. Brutas.

2.- Autorizar a instrucción do pertinente expediente administrativo ós efectos regulamentarios e de xustificación no marco do devandito Convenio de Colaboración suscrito pola Mancomunidade coa Subdirección Xeral de Política Lingüística.

Pola Presidencia indícase que figura no expediente escrito do funcionario D. Xosé González Martínez, de data 24 de maio de 2000, no que solicita:

1.- Que o Pleno do Concello de Redondela me autorice o desempeño na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, en réxime de comisión de servicios, o posto de Director do Servicio de Normalización Lingüística no marco do convenio de colaboración a subscribir entre a Subdirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Mancomunidade, coas característica retributivas e de duración seguintes:

- a. Remuneración total a cargo da M.A.I.V.: 4.200.000 ptas .
- b. Duración: dende a sinatura do convenio de colaboración ata o remate da súa vixencia, o 21-10-2000.

2.- Instrucción do pertinente expediente administrativo ós efectos regulamentarios, e comunicación urxente á Mancomunidade do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Redondela sobre a autorización da devandita comisión de servicios.

No expediente constan informes emitidos polos Sres. Interventor e Secretario deste Concello de datas 12 de maio de 2000, e 22 de maio de 2000, respectivamente.



EL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS

Este Concello pleno, resolvendo os reparos formulados polo Sr. Interventor, no seu informe de data 12 de maio de 2000, referencia T 39/00, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes prestou a súa conformidade á proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Persoal respecto á comisión de servizos do funcionario D. Xosé González Martínez, según o Decreto do Presidente da Mancomunidade de Área Intermunicipal de Vigo, de data 26 de abril do 2000, antes transcrito.

5.- MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENSINANZAS ESPECIAIS NOS ESTABLECEMENTOS DOCENTES DO CONCELLO.

Pola Presidencia, e previa solicitude, concedeuse a palabra a unha representante dos pais de alumnos do Conservatorio de Música de Redondela, que en relación con este punto do orde do día, manifesta a falta de diálogo do equipo de goberno tendente a lograr un consenso, rexeitando o aumento das taxas correspondentes e considerando a actuación do equipo de goberno como de rodillo contra os acordos do Patronato do Conservatorio de Música.

A continuación pola Presidencia procedeuse a tratar o correspondente asunto da orde do día.

Pola Presidencia dase conta da proposta formulada pola Concelleira, Sra. Pérez Orge, en data 23 de maio do ano 2000, dictaminada favorablemente, pola Comisión Informativa de Facenda, Economía e Desenvolvemento Local, que dí:

PROPOSTA DA PRESIDENTA DO PATRONATO DO CONSERVATORIO DE MÚSICA DE REDONDELA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENSINANZAS ESPECIAIS NOS ESTABLECEMENTOS DOCENTES NESTE CONCELLO.

Por acordo Plenario do Concello de Redondela, de data 28 de outubro de 1998, aprobouse a ordenanza reguladora da taxa por ensinanzas especiais nos establecementos docentes do Concello.

Resultando que na actualidade o Concello ten que realizar un gran esforzo económico destinando unha cuantía moi elevado do seu presuposto a unha ensinanza non obrigatoria.

Na súa virtude, a Presidenta do Patronato

PROPON:

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 9, pagamento, e o anexo tarifas da ordenanza reguladora da taxa por ensinanzas especiais nos establecementos docentes neste Concello quedando redactos do seguinte xeito:

Serie A N.º 1175875

Artigo 9º.- Pagamento

A) Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de prestar o servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou da realización da actividade na tesourería municipal ou nas entidades bancarias que se sinalen na liquidación.

Con respecto ao pagamento das taxas referidas ao Conservatorio de Música contéplan-se as seguintes posibilidades:

-Pagamento da totalidade do importe da taxa no momento de presentar a solicitude de matrícula.

-Pagamento do 50% do importe total da taxa no momento de presentar a solicitude de matrícula e o outro 50% antes do 5 de setembro.

-Os/as beneficiarios/as das becas que establece o Concello pagarán o 25% do importe total da taxa no momento de presentar a solicitude de matrícula.

B) Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

ANEXO**TARIFA****1.- ESCOLA DE MÚSICA**

- | | |
|--------------------|----------------|
| a) Servizos xerais | 1.500 ptas |
| b) Curso completo | 3.500 ptas/mes |
| c) Materias soltas | 1.500 ptas/mes |

2.- CONSERVATORIO**Grao Elemental**

- | | |
|--------------------|-------------|
| a) Servizos xerais | 4.000 ptas |
| b) Curso completo | 36.000 ptas |
| c) materias soltas | 12.000 ptas |

Proba de acceso 15.000 ptas

Grao Medio**1º e 2º curso**

- | | |
|--------------------|-------------|
| a) Servizos xerais | 4.000 ptas |
| b) Curso completo | 56.000 ptas |

3º e 4º curso

- | | |
|--------------------|-------------|
| a) Servizos xerais | 4.000 ptas |
| b) Curso completo | 66.000 ptas |



5º e 6º curso

- a) Servizos xerais 4.000 ptas
- b) Curso completo 76.000 ptas

Cotas por cursiños 350 ptas/horas

Os/as alumnos/as que se matriculen por primeira vez no Conservatorio ou na Escola de Música pagarán de 1ª Inscripción 1.500 ptas.

3.- Cursos, ensinanzas e actividades que organice o Concello no exercicio das súas competencias educativas e culturais 150 ptas/hora.

SEGUNDO.-Aprobar provisoriamente á modificación da ordenanza fiscal reguladora do tributo e o seu anexo.

TERCEIRO.- Publicar anuncio de exposición pública, durante trinta días hábiles, do acordo no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión provincial (así como no taboleiro de anuncios do Concello e do Organismo autónomo), o obxecto de que os interesados e as interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as reclamacións que consideren oportunas.

CUARTO.-Entender definitivamente aprobada a modificación da ordenanza e o seu anexo no suposto de que non foran presentadas reclamacións, sen necesidade de novo acordo plenario naquel sentido.

Pola Presidencia dase conta dos informes emitidos polos Sres. Secretario e Interventor deste Concello, referentes a este asunto e obrantes no expediente.

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de debate.

Concedida a palabra pola Presidencia pola Sra. Pérez Orge sinálase que o Concello ten intención de facer aportación económica no Conservatorio pero tamén os demais usuarios e beneficiarios do mesmo para asegurar a súa continuidade e esa e a súa proposta.

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Pazos Docampo, sinálase que o Concello fai no Conservatorio a superior aportación respecto dos usuarios e beneficiarios e que se é así as taxas do mesmo teñen que axustarse á realidade e remata a súa intervención decindo que antes había consenso pola escasa aportación do Concello en relación coa aportación dos pais e demais institucións e que agora o Concello e o que máis aporta sobre o 50% do orzamento do Conservatorio.

Continúa a súa intervención o citado Sr. Concelleiro indicando que o Concello vai a incluír no orzamento do 2000 unha partida para os que non poidan facer fronte as taxas e que a aportación do Concello no Conservatorio supón que cada habitante gasta no mesmo máis de mil pesetas o que non ocorre en ningún outro servizo, indicando por outro lado que se non se fan no Conservatorio as correspondentes obras de

Serie A N.º 1175876

adaptación das súas instalacións a Loxse poderíase pechar o Conservatorio e remata a súa intervención decindo que o Concello gasto moito diñeiro nunha actividade que non é obrigatoria para o Concello.

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Conde Romero maniféstase que o Concello non vai a desaparecer pero se pregunta de que vale o Patronato tendo en conta as votacións efectuadas no mesmo, sorprendendolle ó mesmo que no orzamento de ingresos a única partida que aumenta é a das tarifas pretendendo que os pais paguen os gastos de investimento do Conservatorio, polo que propón por tanto que os pais se fagan coa propiedade do Conservatorio, sinalando que o Conservatorio é un orgullo para Redondela, do que se vanagloria a Corporación e que parece a intención do BNG é a de cargarse o Conservatorio.

Continúa a súa intervención o Concelleiro Sr. Conde Romero, manifestando que non é real o orzamento que presenta a Concelleira Sra. Pérez Orge, e así o día tamén o Sr. Interventor a pesar de todos sabemos como pensa, e remata a súa intervención decindo que a situación actual de este asunto é un capricho persoal da citada Sra. Concelleira, e pedindo que se deixe este asunto sobre a mesa polo aumento das taxas nun 200 por cen.

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. González Iglesias, sinalase que o Conservatorio leva catorce anos de existencia en Redondela, e xurdiu nun principio como filial do de Vigo para que os alumnos/as non tiveran que desprazarse, pero sempre se pensou que o Goberno autonómico da Xunta e o que ten que facer fronte o custo do servizo do mesmo e que este ano o mesmo aportou tres millóns de pesetas sobre un orzamento do Conservatorio de trinta e seis millóns de pesetas, aínda que tampouco a Deputación Provincial que ten mais competencias neste asunto que o Concello invertiu no mesmo mais que dous millóns duascenas mil pesetas, resultando que o Concello de Redondela que é o que mais invirte no Conservatorio pasa por ser o malo da película, manifestando que a supervivencia do Conservatorio pasa porque a Xunta asuma as súas competencias como fixo noutros Concellos.

Con respecto a proposta do Concelleiro Sr. Conde Romero de pasar a propiedade do Conservatorio os pais o Concelleiro Sr. González Iglesias manifesta que a mesma é demagóxica, indicando que o Conservatorio non constitúe unha competencia municipal e ramata a súa intervención manifestando o esforzo solidario do Concello en catorce anos en manter o Conservatorio.

Continúa a súa intervención o Sr. González Iglesias, sinalando que figura unha partida no orzamento para os que non poidan facer fronte os gastos das taxas e sea convinte que continuen os estudos, e remata a súa intervención pedíndolle a Conde que faga as súas xestións precisas a cerca da Xunta de Galicia para que a mesma asuma as suas competencias no Conservatorio.

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Pazos Docampo polo mesmo volveuse a insistir en que o asunto do Conservatorio non é unha competencia obrigatoria deste Concello que fai un esforzo neste asunto coa súa aportación,



considerando que este ano é o que mais esforzo vai a facer desde a fundación do Conservatorio.

Continúa a súa intervención o Concelleiro Sr. Pazos Docampo indicando que o informe do Sr. Interventor alude a que as taxas teñen que cubrir os gastos do Conservatorio e dirixíndose o Concelleiro Sr. Conde Romero que hai que saber leer, e que doutro xeito o BNG mantén neste asunto o mesmo criterio cando era oposición que cando gobernaba e remata a súa intervención decindo que o partido popular se suma as posicións mantidas polos veciños neste asunto pero sen formular propostas propias e remata a súa intervención indicando que hai outros servicios do Concello que precisan mais atención e que por iso defende a suba das taxas do Conservatorio.

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Conde Romero pideselle o Concelleiro Sr. Pazos Docampo que xestione como tal Concelleiro, manifestando doutro xeito que na campaña electoral presumiuse do Conservatorio como o mellor, e se é así hai que sosteñelo e que se o equipo de goberno non xestiona como corresponde que dimita que o PP se encargaría da xestión. Remata a súa intervención pedindo que este asunto quede sobre a mesa.

Concedida a palabra pola Presidencia o Concelleiro Sr. González Iglesias polo mesmo sinálase que fai catorce anos se tomou unha importante decisión que non tomou o PP e fai referencia a que a Deputación comezou a subvencionar ós Conservatorios por unha proposta do que fala, porque a intención da Deputación era de que se pechasen os mesmos, aludíndo doutro xeito que tódolos Alcaldes con Conservatorio ten feito xestións respecto do mesmo e pregúntalle o Sr. Conde Romero canto aportaba o Concello de Pazos de Borbén ó Conservatorio de Redondela onde hai alumnos/as dese Concello e sinala que nunca aportaron nin un duro ó mesmo. Remata a súa intervención decindo que parece que os malos neste asunto son os gobernos progresistas, facendo unha comparación con outros gobernos do PP en Tui, en Sanxenxo e incluso na Garda gobernada polo PSdeG-PSOE, onde as taxas do Conservatorio son superiores as de Redondela.

Concedida a palabra pola Presidencia pola Concelleira Sra. Pérez Orge pola mesma sinálase que si ben houbo pola súa parte unha proposta de negociación que non foi aceptada agora mantense a súa proposta inicial que pretende que as taxas que se intentan establecer o son para equilibrar os gastos do orzamento do Conservatorio que considera real e axustado.

Remata a súa intervención a citada Sra. Concelleira, Pérez Orge, indicando que segun manifesta o Sr. Interventor no seu informe o pagamento das taxas na Tesourería Municipal incumpriaría o establecido na Resolución da Alcaldía de data 9-09-96, polo que da súa proposta se suprime o referente o pagamento das taxas na Tesourería Municipal.

Polo Sr. Presidente e a petición do Concelleiro Sr. Conde Romero, sométese a votación, por non haber unanimidade, a proposta do citado Concelleiro de que este asunto quede sobre a Mesa.

Serie A N.º 1175877

Efectuada ésta obtívose o seguinte resultado: Votan en contra os/as Sres/as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE (9) e os/as Sres/as Concelleiros/as do BNG (4), votan a favor os/as Sres/as Concelleiros/as do PP (8). Na súa consecuencia resultou rexeitada a proposta formulada polo Concelleiro Sr. Conde Romero.

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a proposta formulada pola Concelleira Sra. Pérez Orge, suprimindo da súa proposta que o pagamento das taxas do Conservatorio se faga na Tesourería Municipal, dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Economía e Desenvolvemento Local, que obtivo o seguinte resultado: Votan en contra os/as Sres/as Concelleiros/as do PP (8) e votan a favor os/as Sres/as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE (9) e os/as Sres/as Concelleiros/as do BNG (4). Na súa consecuencia por maioría de votos resultou aprobada a proposta antes transcrita e resoltos os reparos formulados polo Sr. Interventor deste Concello no seu informe de data 25 de maio de 2000, referencia T43/00.

6.-CREACIÓN DE COMISIÓN ESPECIAL PARA ESTUDIO E REDACCIÓN DE P.X.O.U.

Pola Presidencia dase conta da súa proposta de data 22 de maio do ano 2000, que dí:

Estando prevista a redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Urbana neste Concello de Redondela, esta Alcaldía, considera que para fixar as pautas correspondentes á elaboración e redacción do citado plan, faise convinte de conformidade co disposto no artigo 124 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a creación dunha comisión informativa especial para estudio e redacción do P.X.O.U deste Concello, ten a ben propoñer ó Concello Pleno que a comisión quede constituída do seguinte xeito:

PRESIDENTE: D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS

VOCAIS: D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ
D. MANUEL IGLESIAS CARRERA
D. MANUEL RAMÓN CONDE ROMERO
D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO
D. XOSE CARLOS PAZOS DOCAMPO
D^a. CECILIA PÉREZ ORGE

SECRETARIO: D. BERNARDO SOTO LÓPEZ

Este Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes acordou prestarlle a súa aprobación á proposta antes transcrita.

7.- DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM 7/2000 e 8/2000

Pola Presidencia dase conta de expedientes de modificación de crédito núm. 7/2000 e 8/2000.



EL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

O Concello Pleno quedou enterado do contido dos citados expedientes de modificación de crédito.

8.- PROPOSTA DO PRESIDENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES SOBRE APROBACIÓN MODIFICACIÓN PROXECTO CAMPO DE FUTBOL DE SANTA MARIÑA.

Pola Presidencia dase conta da proposta do Presidente da Comisión Informativa de Deportes, de data 15 de maio de 2000, que dí:

"Por acordo plenario de 24 de maio de 1999, aprobouse o proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro de Camiños D. Manuel Cameans Rodríguez, para construción dun novo Campo de Fútbol en Santa Mariña, onde se ubica o actual, con grada cuberta para mil persoas, vestiarios, iluminación e un terreo de xogo de herba natural, cun orzamento de 124.718.149 pesetas, así como a adhesión o convenio de Cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra con data 9 de Setembro de 1997, sobre construción e reforma de instalacións deportivas, manifestando a aceptación plena e sen reserva algunha de tódalas e cada unha das cláusulas que o integran.

Ante a imposibilidade de levar a cabo o devandito proxecto dado que o mesmo alcanzaría un presuposto cercano os 200.000.000 pesetas, si se inclúen, as partidas presupostarias que no figuran no mesmo, así como o cambio do terreo de xogo por un herba artificial, e outras modificacións que se consideren convintes introducir, polo Enxeñeiro autor do proxecto primitivo Sr. Cameans Rodríguez, redactouse un modificado o mesmo.

Tendo en consideración que o convenio asinado a efectos de establece-las bases de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra é fixa-las aportacións económicas de ámbalas dúas administracións que fagan posible a construción e reforma de instalacións deportivas, no período de 1998-2001, o que se adheriu o Concello en virtude do acordo plenario de data 24 de Maio de 1999, fixa como data máxima de vixencia do mesmo a de 31.12.2001.

Tendo en consideración que a axuda a conceder a este Concello en virtude do convenio anteriormente aludido cífrase na cantidade de 70.000.000 pesetas, en tanto que o proxecto aprobado, cas modificacións que é necesario incluír, alcanza a cuantía de 200.000.000 pesetas aproximadamente, segundo se deixa constancia no segundo parágrafo, o cal implica que o Concello tendría que aportar a cantidade de 130.000.000 pesetas para completa-la financiación do devandito proxecto.

Tendo en consideración a falta de capacidade económica deste Concello para afrontar-lo referido gasto dentro do período de vixencia do convenio.

Tendo en consideración que a falta de aportación municipal suficiente conlevaría a perda da subvención anteriormente citada.

Serie A N.º 1175878

Polo anteriormente exposto este Concelleiro entende necesario proceder a execución do proxecto modificado sin prexuízo de adquiri-lo compromiso de realizar as xestións necesarias para a adquisición dos terreos necesarios para a construción dun novo campo de fútbol, durante este mandato, polo que ven en someter a dictamen da Comisión Informativa de Deportes a seguinte proposta para elevar o Concello Pleno:

Primeiro: Aprobar o proxecto modificado de Campo de Fútbol en Santa Mariña, en substitución do proxecto anteriormente aprobado.

Segundo: Comprometerse a realizar as xestións para a adquisición dos terreos necesarios para a construción dun novo campo de fútbol, durante este mandato."

Votación e acordo.- Sometida a proposta a votación ofrece o seguinte resultado:

Votos a favor da proposta (6) seis: Sres. Gonzalez Iglesias, Nuñez Salgado, Iglesias Carrera, González Fernández, Grande Grande e González Gómez.

Votos en contra: tres (3): Sres. Rebanal Alfaya, Sanchez Santorio e Alonso Bastos.

En consecuencia queda informada favorablemente a proposta transcrita"

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de debate.

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Pazos Docampo sigue mantendo a súa postura manifestada no Pleno anterior pero consciente de que a mesma non iba a ser aceptada por ningún grupo político e ante a posibilidade de perder a subvención concedida para este asunto, decidiu prestar o seu apoio por coherencia política á modificación do proxecto do campo de fútbol Santa Mariña, xa que doutro xeito sería unha irresponsabilidade seguir mantendo o seu criterio.

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Conde Romero se sinala que é mentira o que fala o Concelleiro Sr. Pazos Docampo da perda da inversión que el fala dun pleno de data 24 de marzo de 1999, aprobando o proxecto inicial.

Pola Presidencia e por alusións se concede a palabra o Concelleiro Sr. Pazos Docampo quen indica que non admite que lle chamen mentiroso.

Concedida a palabra pola Presidencia o Concelleiro Sr. Conde Romero sinala que se non é unha mentira estase a faltar a verdade e que en calquera caso retira o manifestado respecto o Sr. Pazos Docampo.

Continúa a súa intervención o Sr. Conde Romero indicando que as inversións aprobadas neste asunto son de máis de cento vintecatro millóns de pesetas e pide explicacións o Concello Pleno de porque se lle queren negar as inversións a Redondela, e afirma que non se perderá inversión algunha se o Concello pon os cartos que ten que poñer.



Remata a súa intervención decindo que non se está en contra do arranxo do campo de Santa Mariña, senón de que se rebaixen as inversións de cento vintecatro millóns a oitenta millóns, manifestando que votará en contra de que se modifique o proxecto do campo de fútbol.

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Nuñez Salgado, maniféstase que o PSdeG-PSOE seguirá coa mesma postura que a mantida no Pleno pasado neste asunto e que se alegra por outra parte do cambio de postura por parte do BNG, decindo que se van a pagar os vintetrés millóns de pesetas polo Concello e o que se pretende coa modificación do proxecto de cambio de herba natural a herba artificial é de que o campo de Santa Mariña sexa utilizado por tódalas categorías de equipos de fútbol que o precisen.

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Pazos Docampo sinálase que no Pleno anterior o BNG votou en contra neste asunto e que polo Sr. Conde Romero se fala doutras cousas distintas das que son obxecto de debate neste punto da orde do día, e remata a súa intervención indicando que o motivo do cambio do sentido do voto obedece a coherencia política e en evitación da irresponsabilidade que superia que o seu voto motivase a perda da subvención que este Concello precisa como inversións para o campo de fútbol.

Non habendo unanimidade de criterios neste asunto pola Presidencia sométese a votación o mesmo.

Efectuada esta obtívose o seguinte resultado votan en contra: Os/as Sres/as Concelleiros/as do PP (8); votan a favor os/as Sres/as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE (9) e os/as Sres/as Concelleiros/as do BNG (4). Na súa consecuencia resultou aprobada a proposta antes transcrita, dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa correspondente.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as vinteunha horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende o folio setenta e un do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1175873, ata a volta do folio setenta e seis, Seire A nº 1175878, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE



Asdo: Xaime Rei Barreiro

O SECRETARIO

Asdo: Bernardo Soto López